



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE XULLO DE 2012

LICENZAS

OUTRAS OBRAS

LIC/1137/2011.- CONSELLERIA DEL CULTURA E TURISMO.- Restauración e posta en valor do Camiño Francés ao seu paso por San Paio.

OUTRAS

LIC/624/2007.- MARMOLES ALLENDE, SL.- Modificación de licenza outorgada na sesión do 8 de outubro de 2007 para construción dunha nave industrial sen uso determinado no Polígono de Costa Vella.

LIC/69/2010.- SONIA DIAZ RICO.- Corrección de erro.

4.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa a axudas de carácter social.

Aprobáronse diversas axudas de carácter social por un importe de 2.886,36 €.

5.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á contratación da actividade do "Proxecto de prevención do deterioro cognitivo".

Apróbase a proposta.

6 a 42.- Proposta da concelleira delegada de facenda, orzamentos e contratación relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

43.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á solicitude de subvención ao grupo de desenvolvemento rural "Terras de Compostela" (GDR-24).

A XGL aprobou solicitar a participación do Concello de Santiago na liña de axudas do Programa LEADER-Galicia 2007-2013 co proxecto titulado "Posta en valor do patrimonio cultural e etnográfico de núcleos rurais do concello de Santiago de Compostela e mellora e reposición da sinalización vertical". A inversión neste proxecto ascende a 181.562,56 €.

44.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativa á aprobación do I Plan Municipal de Inmigración.

A XGL a iniciativa da Concelleira de Benestar Social aprobou o I Plan Municipal de Inmigración do Concello de Santiago de Compostela. Este Plan establécese para tres anos dende o momento da súa aprobación no 2012. Este Plan ten por obxectivos básicos os seguintes:

- Garantir un dispositivo integral de acollida das persoas inmigrantes, en especial daqueles que se atopen en situación de vulnerabilidade.
- Propiciar a integración social e económica das persoas inmigrantes.
- Impulsar a convivencia cidadá en termos de respecto á diversidade.

45.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á corrección de erro detectado no acordo de Aprobación Inicial do Estudo de Detalle no Polígono 29 (P-29).Cornes III.

Corríxese o erro.

46.- Liquidación de gastos correspondentes ao fin de ano 2011.

Apróbase a liquidación.

47.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da revocación do convenio asinado coa Fundación Compostela Deporte.

Unha vez examinado o Informe do Técnico de Deportes do Concello e á vista do incumprimento por parte da Fundación Compostela Deporte do Convenio firmado co Concello de Santiago de Compostela, a XGL tivo a ben aprobr a revogación do mencionado Convenio.

48.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa a contratación do deseño dunha imaxe corporativa para o deporte en Compostela e todas as súas aplicacións.

Considerando preciso aglutinar nun mesmo icono, que represente uns obxectivos comúns, o Deporte de Santiago de Compostela e a proposta do Concelleiro de Deportes a XGL aprobou o custo que supón a creación desta imaxe de Deporte en Compostela. O custo desta inversión será de 13.688,00 €.

49.- Dar conta de corrección de erro no acordo nº 66 de data 21.06.2012 titulado "Adxudicación do contrato de Servizo de escola municipal de verán de inglés "ENGLISH SUMMER SCHOOL" do Concello de Santiago de Compostela 2012.

Dáse conta.

50.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o proxecto PROXI-MAMED enmarcado dentro do programa europeo PROGRESS.

Dáse conta.

URXENCIAS

- 1- apróbase o prego de cláusulas para a contratación do sistema de climatización dos centros socioculturais para os anos 2012-2016 por importe de 3.776 euros/ano.
- 2- Apróbase o prego de cláusulas para a contratación do servizo de atención ao usuario (CAU) por importe de 21.221,68 euros.
- 3- Solicítase ao Xurado de expropiación a suspensión do proceso de expropiación de varias parcelas relativas ao proxección de execución das obras do vial de acceso a Formaris.